



Escolma poética¹

Pablo Sánchez Ferro

A boneca de almafi danza na casa dos reloxos crocantes

ameite coa paixón dos trilos extraviados entre as silveiras Declinaba o eón da pita cega e asistiamos á epifanía dos cantos electrónicos na pradería dos nenos asediados pola orfandade A miña voz aínda era un son indemne á bravura Tremelicaba como unha febra de herba baixo o horizonte dos outeiros e ansiaba fornecer un murmurio na túa caluga branca Pois eras un soño inabarcábel, unha emerxencia entre os debuxos do bloc, un anhelo enguedellado na soidade dun prisma Eras tan definitiva como a tenrura dunha peluxe con traxe de festa Pero tamén posuías a beleza temible dunha boneca de almafi que danzaba entre as cortinas e os vasos, cando a luz ostentaba o poder das fronteiras e as tebras non eran tan só unha lúdica transgresión na casa dos reloxos crocantes

II

fuches un amor escapulido entre as piñatas e as funcións dos asilos, cando as gargalladas ían de excursión en bus e as miradas fuxían como furóns pudorosos polos vestiarios O mundo declamaba un cheiro desmesurado de vexetación e lambiscadas A Xénese mostraba os nomes inauditos das cousas Nós viviamos alleos ao prezo dos latexados ante o ditado das mapoulas, abrigados por mantas de follaxe baixo as que rebuldaban as lombrigas psicodélicas Recordo o día que atravesabamos o cosmos de cores e espellos que habitaba nos calidoscopios e pagamos as prendas co pudor dos pardais descrocados pola solaina As mans agarábanse baixo as bágoas dos salgueiros, na morneza adormentada dos abellóns e a mortadela E rodabamos e rodabamos e rodabamos sobre a urticaria verde onde latexaba o verán Eramos ditosos como os bolos de vento de nata e as chanquetas Lembro canto nos quixemos e deixamos de querer nun bucle de margaridas ex-tasiadas, mentres esfollabamos un a un os pétalos do futuro

¹ Escolma poética do libro *La senda de las amantes inciertas* (El Cercano, 2022), de Pablo Sánchez Ferro. Tradución do autor.

III

aínda gozo o día que compartimos cóxegas de faragullas de pan e de formigas entre os sucos do lodo Os camelos lambían o óxido dos enreixados e os monos luxuriosos e incandescentes esmabagan os seus piollos Sentín que o tempo era un tirante de plastilina capaz de unir os territorios infindos das cárcavas e as charcas, o dominio onde bisbaban os alacrás e os cullarapos, aquela codia seca de terra onde nacía a fermosa flor lila do cardo e o sol do saramago irrompía no silencio Quíxenche máis que ás fábricas e ás bolas e ao ioiío, pois eras capaz de habitar no cráter da hipotenusa Chegabas alí onde a imaxinación refutaba o sentido da xeometría e tecía a materia das fantasías Sentínche como unha despedida escapulida baixo o precipicio da auga, cando o sol cacarexaba na velocidade dos tobogáns a súa dita de ouro e filamentos As salpicaduras de cloro eran o eco da algarabía Ti estabas distante como a voz que nace nos niños das anduriñas o día dos defuntos O teu sorriso vencía ao corpo dos atletas e os teus beizos posuían a febre e o tremor dos pexegos extasiados no fermento da tarde Eu convertínme en aire e en espiga e en gran de area... e na engrenaxe dun destino onde baten as bolboretas amarelas coa potencia dos ciclóns.

O bico da puberdade subterránea á hora do té

foi unha conquista ansiada desde a idade dos campamentos, unha flor de inquietude brotando do carmín desbordado Era o venres da cidade pudibunda Abrazamos o tictac do sofá sistemático, onde as linguas exercitaban a súa esperanto de saliva nas fronteiras da acne Naceu o bico da puberdade subterránea cando a música estranxeira gateaba polas entrañas inmisericordes da urbe A súa torpeza posuía o encanto da primicia Tiña sabor a calidez e a *chicle* de amorodo e a lura e a pastañas de té concupiscentes

A mazá de ollos rachados na árbore do fume

O vento do norte brunía os teus beizos de gueixa na terra de Albión Palpitabas coa alegría desmesurada dunha froita de verán sobre as verdes campiñas onde renxía o queixume dos soldadiños de chumbo Os versos balbucían no seu berce de papel e grafito mentres os diamantes callaban nas nosas pupilas extasiadas Entón eu mordía con ardor a boca das pirañas nos guateques onde a puberdade amasaba o seu desexo infatigable Estaba perdido na maraña dos abrazos pasaxeiros, aparvado polo aroma musical das discotecas, pois aínda ignoraba a certeza das horas onde a tenrura incita ao recollemento